

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 9 de maio de 2016, polo que se aproba o Plan estratéxico de subvencións do Parlamento de Galicia para 2016

Para cumprir o estipulado no artigo 8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, faise necesario aprobar un plan estratéxico sobre concesión de subvencións para o ano 2016.

Na súa virtude, a Mesa, ao abeiro da competencia atribuída no artigo 22.a) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 633, do 24 de outubro de 2008), dispón:

Artigo único. *Aprobación do Plan estratéxico de subvencións do Parlamento de Galicia para 2016*

Apróbase o Plan estratéxico de subvencións do Parlamento de Galicia para 2016, que se insire a continuación, que inclúe como anexo as bases reguladoras da concesión de subvencións a entidades de carácter social previstas no propio plan.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Este acordo de aprobación do plan entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA PARA 2016

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. FUNDAMENTO XURÍDICO
3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS
- 3.1. OBXECTIVO 1: INCLUSIÓN SOCIAL

Liña de subvención: inclusión social de persoas drogodependentes

Liña de subvención: inclusión social de persoas con discapacidade

3.2. OBXECTIVO 2: APOIO SOCIO-SANITARIO

Liña de subvención: enfermidades mentais ou danos cerebrais

Liña de subvención: determinadas patoloxías

Liña de subvención: trastornos de atención

3.3. OBXECTIVO 3: COMUNIDADE E IGUALDADE

Liña de subvención: apoio ás necesidades básicas.

Liña de subvención: mulleres en situación de vulnerabilidade que necesitan apoios

4. TRAMITACIÓN E EFECTOS

5. VIXENCIA E FINANCIAMENTO

6. CONTROL FINANCEIRO

7. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

ANEXO

Bases reguladoras das subvencións a entidades de carácter social 2016

1. INTRODUCCIÓN

A actividade principal do Parlamento de Galicia é a encomendada, como Poder Lexislativo, ao abeiro do artigo 152 da Constitución española de 1978, ademais das funcións estipuladas no artigo 10 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril.

Isto non obsta para que esta institución, sensibilizada ante determinadas situacións, procedese á concesión de subvencións por razóns de interese social nun momento en que a crise económica afectaba gravemente o noso país. Así, o Parlamento de Galicia vén concedendo, dende hai uns anos, a entidades de carácter social sen ánimo de lucro, subvencións para atencións alimentarias e comedores sociais, acollendo o mandato previsto no artigo 4.2. do Estatuto de autonomía de Galicia.

Chegado este momento, cómpre redistribuír os recursos previstos para estes fins sociais nos orzamentos desta entidade, definindo as diferentes liñas de actuación que se pretenden adoptar, sumándose así esta institución as políticas autonómicas que concorren á realización efectiva dos principios de solidariedade e igualdade.

A normativa actual en materia de subvencións exige que as entidades concedentes de subvencións contén un plan estratéxico de subvencións, o que se incardina na existencia constitucional de que o gasto público responda a principios de eficiencia e economía (artigo 31.2 da Constitución española). Ou sexa, toda subvención debe concederse para a consecución dun fin de carácter público, mais isto será sen prexuízo da complementariedade e coherencia das actuacións das distintas administracións públicas, o que será posible grazas á aplicación do principio de transparencia. E todo isto redundará nunha maior xestión do gasto público subvencional.

Polo exposto, preséntase o primeiro Plan estratéxico de subvencións do Parlamento de Galicia (en diante PESPG 2016). Mediante este plan preténdese acadar un uso máis eficiente dos recursos públicos destinados á execución daquelas políticas públicas en que pode apreciarse unha concorrencia de actuacións públicas e privadas ou daquelas outras que se destinen a corrixir determinadas situacións de desigualdade presentes na cidadanía, con ánimo de acadar unha maior calidade de vida para todos a través do apoio á ditas iniciativas sociais.

Por outra parte, cómpre indicar desde esta Presidencia que o outorgamento das «subvencións á entidades de carácter social» deste exercicio 2016 será polo procedemento de concesión directa, ao abeiro do estipulado no artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. A opción por este procedemento xustifícase na consideración da traxectoria de diversas entidades de carácter social, o seu labor incansable e multidisciplinar respecto dos usuarios aos que se dedican e o grao de técnica e complexidade das tarefas que levan a cabo, que permiten razóns de interese social ou humanitario que dificultan a súa convocatoria pública, xa que o que procura esta institución é atender distintos tipos de obxectivos con carácter excepcional neste exercicio 2016.

Polo dito motivo, xuntamente con este plan sométese a aprobación unha modificación orzamentaria orientada a dar cabida e dotación á partida 01.01.111B.481.04 denominada «Subvencións a entidades de carácter social».

Todo isto, articulado de xeito que non afectará o cumprimento das funcións atribuídas ao Parlamento de Galicia nin o respecto ao principio de estabilidade orzamentaria.

2. FUNDAMENTO XURÍDICO

O artigo 8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, establece no seu parágrafo 1º que «os órganos das administracións públicas ou calquera ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria».

Así o dispón tamén a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Esta regulación está desenvolta polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que, entre outros aspectos, indica que son instrumentos de planificación para o fomento dunha actividade de interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Así mesmo, o artigo 12.2º do Real decreto 88/2006 permite un contido reducido do Plan estratéxico cando se trate de subvencións que se vaian outorgar en réxime de concesión directa. Nestes casos abondará cunha memoria explicativa dos obxectivos, dos custos de realización e das súas fontes de financiamento.

A característica fundamental do procedemento de concesión directa é a súa aplicación nos supostos previstos na lei sen a existencia do cumprimento dos principios de publicidade e concorrencia, ben que coa obriga de as publicar unha vez concedidas.

3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O Plan estratéxico do Parlamento de Galicia nace para dar resposta a inquietude social de coñecer qué se fai e qué resultados se acadan co diñeiro público que se materializa a través do gasto subvencional, atendendo ás demandas socioeconómicas existentes.

Datos xerais das axudas que se prevén neste plan son:

- Poden ser beneficiarias as persoas ou entidades privadas de carácter social sen ánimo de lucro que non estean incursas en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei

38/2003 ou do artigo 10 da Lei 9/2007. Os beneficiarios deben figurar inscritos no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia.

- Os gastos que se vaian financiar deberán ser gastos correntes en bens ou servizos, precisos para levar a cabo as actividades da entidade durante o exercicio 2016. Non se subvencionarán gastos de capital nin aqueles outros que exclúe a Lei 38/2003.

- A contía subvencionable non pode ser superior ao 80 % do gasto acreditado.

- As axudas que se articulan a través deste plan serán compatibles coas concedidas por outros entes públicos, o cal deberá ser obxecto de previa declaración polo beneficiario, sen que se poida superar o custo total da actividade subvencionada.

- As axudas son postpagables, é dicir, aboaranse unha vez xustificada a realización de gastos relacionados coas actuacións da entidade xunto coa presentación do resto da documentación que se exige.

Obxectivo estratéxico 1: INCLUSIÓN SOCIAL

Galicia viuse afectada de xeito significativo, na década dos anos 80, pola lacra das drogas. Xunto co labor das administracións públicas, a sociedade galega tamén puxo en marcha varias entidades que, de balde, executaron diversas liñas de actuación que, baseadas na experiencia no trato dos supostos, permitiron avanzar moito na rehabilitación das persoas afectadas. A situación económica acaecida nos últimos anos afectou de xeito significativo aquelas persoas que, por causa, de drogodependencia, eran obxecto xa nun primeiro momento de rexeitamento social e, xunto a el, tamén laboral.

Por outra banda, é unha reivindicación do cambio social a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, especialmente a súa inserción laboral, para a cal se require de actuacións de asesoramento, formación e intermediación.

a) Obxectivos:

a.1. Liña de subvención: **inclusión social de persoas drogodependentes.**

Actuacións dirixidas a informar, asesorar e ofrecer alternativas ás persoas sumidas en situación de drogodependencia a través de programas de integración social así como programas de apoio na loita por rehabilitarse e manter a súa autonomía e, por outra banda, actuacións dirixidas á sensibilización e divulgación ao resto da sociedade.

a.2. Liña de subvención: **inclusión social de persoas con discapacidade.**

Actuacións dirixidas á atención ao colectivo de discapacitados pola súa plena integración na sociedade.

b) Custos previsibles: 15.500€

c) Financiamento: financiarase con fondos propios do Parlamento de Galicia, con cargo á partida 01.01.111B.481.04 do estado de gastos do orzamento 2016.

d) Tipo da axuda: postpagable e compatible con outras axudas públicas.

e) Gasto financiable: gastos en bens correntes ou servizos

f) Prazo de execución: comprende os gastos na actividade efectuados no período do 01/01/2016 ao 30/09/2016.

Obxectivo estratéxico 2: APOIO SOCIO-SANITARIO

A pesar da boa sanidade pública, non hai que esquecer o labor que moitas entidades sociais prestan no día a día a aqueles persoas que pola súa enfermidade non se poden valer por si soas, ou a aquelas cuxo trastorno, enfermidade ou patoloxía condicionan a súa autonomía dalgún xeito, prestando asemade un importante apoio ás familias.

a) Obxectivos: actuacións que melloren a calidade de vida de persoas afectadas facilitándolles ámbitos que atendan as súas necesidades. Os eidos de fomento do tecido asociativo son, concretamente:

a.1.) Liña de subvención: **enfermidades mentais ou danos cerebrais**

a.2) Liña de subvención: **determinadas patoloxías**

a.3) Liña de subvención: **trastornos de atención**

b) Custos previsibles: 18.000 €

c) Financiamento: financiarase con fondos propios do Parlamento de Galicia, con cargo á partida 01.01.111B.481.04 do estado de gastos do orzamento 2016.

d) Tipo da axuda: postpagable e compatible con outras axudas públicas.

e) Gasto financeiro: gastos en bens correntes ou servizos.

f) Prazo de execución: comprende os gastos na actividade efectuados no período do 01/01/2016 ao 30/09/2016.

Obxectivo estratéxico 3: COMUNIDADE E IGUALDADE

O acollemento de persoas sen medios, atendendo as súas necesidades básicas, a posta en marcha de campañas en procura da igualdade no acceso ao máis elemental, permitiu ver a solidariedade da sociedade, que se ampliou durante a crise. Así mesmo, cómpre apoiar as mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade, contribuíndo a dotalas de medios que lles permitan afrontar as ditas situacións, vía apoio psicolóxico como asesoramento e asistencia.

a) Obxectivos:

a.1. Liña de subvención: apoio ás necesidades básicas

Apoiar as actuacións daquelas entidades que facilitan a atención das necesidades básicas, sexan alimentos, pernoita, etc.,

a.2. Liña de subvención: mulleres en situación de vulnerabilidade que necesitan apoios

Atención das necesidades daquelas mulleres que poden atoparse nunha situación de vulnerabilidade: maiores soas, mulleres soas con menores dependentes, mulleres con discapacidade.

b) Custos previsibles: 22.500 €.

c) Financiamento: financiarase con fondos propios do Parlamento de Galicia, con cargo á partida 01.01.111B.481.04 do estado de gastos do orzamento 2016.

d) Tipo da axuda: postpagable e compatible con outras axudas públicas.

e) Gasto financeiro: gastos en bens correntes ou servizos.

f) Prazo de execución: comprende os gastos na actividade efectuados no período do 01/01/2016 ao 30/09/2016.

4. VIXENCIA E FINANCIAMENTO

Cómpre, en primeiro lugar, partir da vixencia anual deste plan. A diferenza do tempo de vixencia deste tipo de plans, que adoita ser de tres anos, considerouse que, en atención á «especial natureza do sector afectado», a súa duración fose menor para atender unicamente as liñas concretas nel recollidas, ao abeiro do artigo 10.4º do Real decreto 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003. Ademais, sendo o primeiro plan da institución, coincide aproximadamente en horizonte temporal co remate da actual lexislatura.

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento de obxectivos de estabilidade orzamentaria. Neste caso, trátase dun plan de vixencia limitada ao exercicio 2016, cuxo cumprimento da estabilidade é verificado na elaboración do orzamento e que non afecta outros exercicios.

O financiamento destas axudas efectuarase con cargo á partida 01.01.111B. 481.04 do estado de gastos do orzamento do exercicio 2016.

5. TRAMITACIÓN E EFECTOS DO PLAN

5.1. A tramitación deste Plan será a seguinte:

FASE A) APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS (E BASES REGULADORAS)

- Sometemento a informe dos Servizos Xurídicos e de Intervención, que ademais verificará a existencia de crédito.
- Formulación de proposta á Mesa do Parlamento
- Aprobación pola Mesa do Parlamento

FASE B) EXPEDIENTES DE CONCESIÓN DIRECTA

A Presidencia formulará, mediante resolución, invitación a aquelas entidades que estime, cuxo obxecto social coincida con algunha ou algunhas das diferentes liñas de actuación, para que presenten a súa aceptación de adhesión ao correspondente obxectivo e liña de subvención xunto coa seguinte documentación:

- Identificación da entidade con copia do CIF e copia dos estatutos ou normas de constitución.
- Identificación do representante da entidade, copia do NIF e acordo do nomeamento ou poder de representación.
- Proxección de gastos a imputar a esta subvención para o exercicio 2016.
- Declaración de estar ao día nas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- Declaración de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, asinada polo representante da entidade.
- Declaración da solicitude ou obtención doutras achegas ou ingresos asinada polo representante da entidade.
- Declaración de compromisos do perceptor.

Examinarase o axuste da solicitude ao obxectivo correspondente, vía memoria xustificativa expedida pola Dirección de Réxime interior, e concederase a subvención mediante resolución de Presidencia que se referirá ao contido das bases e compromisos e obrigas do preceptor así como á contía que se concede, dentro do custo previsible segundo liñas e obxectivos deste plan, que non poderá ser superado.

Caso de non axustarse, notificarase ao solicitante a motivación da denegación.

5.2. A aprobación do Plan estratéxico de subvencións non supón a xeración de dereito ningún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán exixir indemnización ou compensación ningunha no caso de que o plan non se execute nos seus propios termos.

5.3. Este plan non impide a concesión doutras achegas ou de achegas excepcionais que, polo seu carácter singular en atención ao fin ou destinatario, xurdan tras a aprobación deste plan, sempre que exista crédito na partida a imputar, e non se correspondan con ningunha das liñas de actuación dos obxectivos estratéxicos que figuran no Plan.

6. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PÚBLICA E CONTROL FINANCEIRO

6.1. A xustificación das subvencións públicas percibidas polos beneficiarios documentarase como segue:

A) Para aquelas concedidas por importe igual ou inferior a 3.000€ terán carácter de documento con validez xurídica para a xustificación da subvención a conta xustificativa coa documentación que se indica a continuación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue consonte un orzamento estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.

- Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.

- De ser o caso, carta de pagamento de reintegro polos remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

B) Para aquelas de contía superior a 3.000 €, os preceptores deberán achegar, xunto coa documentación sinalada no apartado A, copia das facturas relativas aos gastos así como a acreditación do aboamento daqueles vía extracto da transferencia bancaria cando sexan de importe superior a 1.000 €. Para as de contía inferior abondará o «recibín» do perceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do DNI, sinatura e nome e apelidos deste.

6.2. O prazo de presentación de xustificantes rematará o 31/10/2016. Poderase ampliar –de ser argumentada e razoable– nos casos solicitados polos interesados por 15 días máis, sen que en ningún caso se poida ampliar o prazo de execución.

Non será posible efectuar pago ningún por concesión de subvencións cando transcorrese o período establecido sen xustificar a aplicación dos fondos.

6.3. O control financeiro da subvención compételle á Intervención do Parlamento de Galicia e será exercida nos termos da lexislación vixente.

6.4. A xustificación da subvención aprobarase, con informe previo da Intervención, mediante resolución da Presidencia, tras do cal se poderá proceder, logo do recoñecemento da obriga, á expedición da orde de pagamento e ao pagamento material. O aboamento da subvención materializarase mediante transferencia de ingresos na conta da entidade financeira sinalada polo beneficiario na documentación achegada.

No caso de xustificarse a subvención en contía inferior ao importe outorgado, a subvención reducirase proporcionalmente.

De non xustificarse axeitadamente seguirase o procedemento establecido no artigo 42 da lei xeral de subvencións.

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Como elemento esencial de peche desta planificación estratéxica establécese o necesario seguimento a través do control e avaliación de resultados que, como sinala a exposición de motivos da Lei 38/2003, debe permitir que as liñas de subvencións que non acaden o nivel de consecución dos obxectivos desexados ou que resulte inadecuado ao nivel de recursos investidos sexan modificadas ou substituídas por outras máis eficaces ou eficientes. Procurase así a harmonizar os medios empregados coa finalidade perseguida coa actividade subvencional.

A Presidencia dará a coñecer á Mesa do Parlamento o informe sobre a avaliación na execución do Plan, de xeito que antes da elaboración do seguinte plan se informe sobre o grao de cumprimento do Plan, eficacia e eficiencia do outorgamento das achegas e conclusións, xunto, de ser o caso, con suxestións para a elaboración do novo plan.

ANEXO

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES A ENTIDADES DE CARÁCTER SOCIAL PREVISTAS NO PESPG 2016

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión directa de subvencións a entidades de carácter social cuxos fins se

correspondan cos obxectivos e liñas recollidas no Plan estratéxico de subvencións do Parlamento de Galicia 2016, destinándose a atender os gastos da súa actividade no exercicio 2016.

Artigo 2. *Procedemento de concesión*

2.1. As subvencións reguladas nestas bases seguirán o procedemento de concesión directa, en virtude da confluencia de razóns de carácter social e/ou humanitario no labor das entidades cuxa traxectoria e actuación multidisCIPLINAR respecto dos usuarios aos que se dedican e o grao de técnica e complexidade das tarefas que levan a cabo xustifican a dificultade na procura de concorrencia e publicidade.

2.2. O procedemento iníciase de oficio. A Presidencia convidará a entidade a presentar a documentación que conformará o expediente.

Artigo 3. *Financiamento*

O financiamento realizarase con cargo á partida 01.01.111B.481.04 do estado de gastos do orzamento correspondente ao exercicio 2016.

Artigo 4. *Beneficiarios*

Os beneficiarios serán entidades de carácter social cuxos fins se correspondan cos obxectivos e liñas recollidas no Plan estratéxico de subvencións do Parlamento de Galicia 2016. Deberán estar inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia.

As entidades beneficiarias non estarán incursas en ningún dos supostos de prohibición da Lei 38/2003.

Artigo 5. *Obrigas*

Os beneficiarios están suxeitos ás obrigas impostas na Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como ás demais que resulten concordantes.

En toda a información ou publicidade que efectúen deben facer constar que están subvencionados polo Parlamento de Galicia.

Artigo 6. *Importe da subvención*

6.1. O importe total da subvención é de 56.000€, coa distribución segue:

OBXECTIVO	Importe a distribuír
Inclusión SOCIAL (1)	15.500 €
Apoio socio-sanitario (2)	18.000 €
Comunidade e Igualdade (3)	22.500 €

6.2. A contía a subvencionar non será superior ao 80 % dos gastos realizados.

Artigo 7. *Compatibilidade con outras subvencións*

As subvencións reguladas nestas bases serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Non obstante, o importe das subvencións outorgadas polo Parlamento de Galicia en ningún caso poderá ser superior a tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo dos gastos subvencionados.

Artigo 8. *Aceptación da subvención*

8.1. As entidades beneficiarias das subvencións de concesión directa que sexan convidadas pola Presidencia, presentarán no Rexistro do Parlamento de Galicia os seguintes documentos no prazo de 10 días desde a recepción da invitación da Presidencia:

- a) Identificación da entidade con copia do CIF e copia dos estatutos ou normas de constitución.
- b) Acreditación da inscrición no Rexistro único das entidades prestadoras de servizos sociais.
- c) Identificación do representante da entidade, copia do NIF e acordo do nomeamento ou poder de representación.

d) Memoria de actividades da entidade e proxección para o exercicio 2016.

e) Declaración de estar ao día nas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

f) Declaración de non estar incursos en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, asinada polo representante da entidade.

g) Declaración da solicitude ou obtención doutras achegas ou ingresos asinada polo representante da entidade.

h) Declaración de que se compromete a:

- cumprir os requisitos e condicións establecidas nas bases e resolución de concesión no prazo indicado;

- notificar ao Parlamento de Galicia a concesión de calquera axuda para a mesma finalidade non prevista inicialmente.

8.2. No suposto de non aceptación ou transcurso do prazo sen achegar toda a documentación, entenderase que o beneficiario renuncia á subvención e mediante unha resolución decretarase o arquivamento do expediente sen mais trámite.

8.3. Posteriormente, examinarase o axuste da solicitude ao obxectivo correspondente, vía memoria xustificativa expedida pola Dirección de Réxime Interior, e concederase a subvención mediante resolución de Presidencia que se referirá ao contido das bases e compromisos e obrigas do preceptor así como a contía que se concede dentro do custo previsible, segundo liñas e obxectivos deste plan, que non poderá ser superado.

Caso de non axustarse, notificarase ao solicitante a motivación da denegación.

Artigo 9. *Gastos subvencionables*

Son subvencionables con cargo a este plan os gastos en bens correntes ou servizos.

Non son subvencionables os gastos de capital, impostos, multas ou gastos representativos nin outros que non sexan

necesarios e imprescindibles para a execución das actuacións propias da entidade a que se deben, nos termos que se indica na Lei 38/2002, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 10. *Réxime de xustificación*

10.1. A xustificación das subvencións públicas percibidas polos beneficiarios documentarase como segue:

A) Para aquelas concedidas por importe igual ou inferior a 3.000 onta xustificativa coa documentación que se indica a continuación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Acreditarase a publicidade do cofinanciamento polo Parlamento de Galicia.

- Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue consonte un orzamento estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.

- Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

- De ser o caso, carta de pagamento de reintegro polos remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

B) Para aquelas de contía superior a 3.000 €, os perceptores deberán achegar, xunto coa documentación sinalada no apartado A, copia das facturas relativas aos gastos así como a acreditación do aboamento daqueles vía extracto da transferencia bancaria cando sexan de importe superior a 1.000 €, bastando para as de contía inferior o «recibín» do receptor, se o pago foi en metálico, con indicación do DNI, sinatura e nome e apelidos deste.

10.2. O prazo de presentación de xustificantes rematará o 31/10/2016. Poderase ampliar - de ser argumentada e razoa-

ble- nos casos solicitados polos interesados por 15 días mais, sen que en ningún caso podase ampliar o prazo de execución. Non será posible efectuar pago ningún por concesión de subvencións cando transcorrese o período establecido sen xustificar a aplicación dos fondos.10.3. O control financeiro da subvención lle compete á Intervención do Parlamento de Galicia e será exercida nos termos da lexislación vixente.

Artigo 11. *Pagamento*

11.1. Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade social á que se lle concedese, e demais documentación a axuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, con informe previo da Intervención, mediante resolución da Presidencia.

Co recoñecemento da obriga, terá lugar a expedición da orde de pagamento e o pagamento material. O aboamento da subvención materializarase mediante transferencia de ingresos na conta da entidade financeira sinalada polo beneficiario na documentación achegada.

11.2. No caso de xustificarse a subvención en contía inferior ao importe outorgado, a subvención reducirase proporcionalmente.

11.3. De non xustificarse axeitadamente seguirase o procedemento establecido no artigo 42 da Lei xeral de subvencións.

11.4. O prazo máximo para adoptar e notificar a resolución do procedemento será de 3 meses, sendo desestimatorio o efecto do silencio.

Artigo 12. *Réxime sancionador*

O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente